

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº 11 XUÑO 2004



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

Consello Xeral de Colexios do Estado Español.

É evidente a necesidade dun Consello Xeral de Colexios de Educadores de ámbito estatal. Unha vez que temos xa sete colexios autonómicos necesitamos unha organización de dereito público representativa, que poida ter a representación da nosa profesión en todo o Estado.

A ninguén se nos escapa que moitos dos problemas da nosa profesión e os retos que ten plantexados (situación profesional, titulacións, denominación...) superan o ámbito autonómico e necesitan ser tratados dun xeito global.

É ben certo, que dende fai moitos anos existe unha organización estatal que agrupa a colexios e asociacións (antes FEAPES e agora ASEDES) pero tamén é certa a necesidade de ter un órgano de máis peso cara a intervir dun xeito decidido nos problemas cos que nos atopamos, un órgano con voz propia e que se faga escoitar nas relacións coas administracións estatais.

Faise cada vez máis necesario tamén un instrumento que regule as relacións intercolexiais (recoñecementos, traslados, convenios...) e interveña nas cuestións que afectan a todos os colexios (código deontolóxico...)

É por todo isto, polo que dende ASEDES se decidiu impulsar a **creación do Consello Xeral de Colexios do Estado Español**, tarefa que **recaeu directamente nos colexios** de Cataluña e Galicia. Queremos facer neste breve artigo un resumo das actuacións realizadas polo noso colexio como outra aportación á nosa participación no movemento asociativo estatal.

Como actuacións máis relevantes podemos sinalar as seguintes:

- Solicitud de informe sobre a viabilidade e pasos a seguir para a constitución do Consello Xeral. De dito informe resultan dúas posibles vías para impulsar dita creación.
 - Vía ministerial, de maneira que habería que dirixirse ao Ministerio competente, encargándose o mesmo de impulsar a lei de creación.
 - Vía partidos políticos, para que os mesmos presentasen no Congreso unha proposición de lei de creación do Consello Xeral.
- Nun primeiro momento optouse pola primeira vía, intentando coñecer cál sería o Ministerio que tería a competencia en canto á profesión de Educador/a Social. No citado sentido realizáronse as seguintes xestións:
 - Entendendo que dita competencia puidera estar no Ministerio de Educación estableceuse contacto telefónico a principios do mes de maio de 2003 e posteriormente vía correo electrónico, informándose de que se dirixise escrito á Dirección Xeral de Universidades. Así fíxose con data 29 de maio de 2003, co obxectivo de que resolverse sobre a súa competencia en dito ámbito e en caso negativo determinase cál sería o Ministerio competente. Ante o silencio reintentouse a petición mediante escrito de data 5 de setembro de 2003. Con data de 17 de outubro de 2003 recibíuse resposta indicando que resultaría competente o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.
 - Establecido o contacto co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, dísenos que o correcto non sería a atribución de competencia a este Ministerio a través do de Educación, senón do de Presidencia. Así con data 23 de decembro de 2003 diríxense sendos escritos: un ao Ministro de Presidencia, no que se solicitaba a atribución competencial ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e por outro lado outro dirixido ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, informando da intención de impulsar a creación do Consello Xeral de Colexios de Educadores Sociais e da solicitud de atribución competencial a dito Ministerio.
 - Con data 21 de xaneiro de 2004 recíbese comunicación do Ministerio da Presidencia, no sentido de que se dá traslado ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para o seu coñecemento do escrito presentado instando a creación do Consello Xeral.
 - Tras esta confirmación, o 18 de febreiro de 2004 envíase un escrito ao Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, dando conta da resposta do Ministerio de Presidencia e cuestionando cál sería o centro directivo encargado de impulsar a creación do Consello desta institución.
 - Tras as eleccións e o cambio de goberno, o 21 de abril de 2004 envíase un escrito ao novo Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, solicitando información sobre o estado da nosa solicitud de creación e qué centro directivo se vai encargar de impulsalo.
- Por outro lado tivéronse algúns contactos políticos co PSOE e outros partidos políticos, a nivel nacional, cara a impulsar o tema no Ministerio e noutros ámbitos políticos.

Ao mesmo tempo fóronse solicitando aos colexios de educadores do estado os documentos que, sen dúbida, serán necesarios:

- Certificación da existencia dos Colexios e leis de creación.
- Acta das Xuntas de Goberno impulsando a creación do Consello.
- Delegación da representación nos presidentes para executar os trámites necesarios.

Esperamos que pronto poidan fructificar estas xestións e academos outro paso na tan necesaria normalización da nosa profesión. Neste novo esforzo, como en tantos outros, estaremos representados os/as educadores/as sociais galegos a través do noso Colexio.

ACTUACIONES REALIZADAS

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none">➤ Seguimento na tramitación de habilitacións ao Colexio de Educadores da Rexión de Murcia.➤ Recepción e tramitación de inscricións para o IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social.➤ NOVAS PUBLICACIONES DISPONIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG:<ul style="list-style-type: none">▪ SÁEZ CARRERAS, J. (2003) : <i>La profesionalización de los educadores sociales. En busca de la competencia educativa cualificadora.</i> Dykinson.▪ GARCÍA MOLINA, J. (Coord.): (2003): <i>De nuevo, la educación social.</i> Dykinson.▪ AA. VV. (2004): <i>VI Congreso Nacional de Organizaciones de Mayores.</i> Confederación Española de Organizaciones de Mayores e Fundación MAPFRE Medicina.▪ ORTE SOCÍAS, C. e MARCH CERDÁ, M. (2001): <i>Pedagogía de la inadaptación social.</i> Nau Llibres.▪ GELPI, E. (1995): <i>Trabajo, educación y cultura.</i> Nau Llibres.▪ FERMOSE ESTÉBANEZ, P. e PONT VIDAL, J. (Eds.) (2000): <i>Sociología de la educación.</i> Nau Llibres.▪ CAMPILLO DÍAZ, M. (1999): <i>Conocimiento y valor: el papel de la educación ambiental.</i> Nau Llibres.▪ ESCARBAJAL DE HARO, A. (Coord.) (1998): <i>La educación social en marcha.</i> Nau Llibres.▪ PESTALOZZI, J. E. (2003): <i>Algunos escritos sociales.</i> Nau Llibres. | <ul style="list-style-type: none">▪ LÓPEZ HERRERÍAS, J. A.: (2000) <i>Paradigmas y métodos pedagógicos para la educación social. La praxis pedagógica en la educación social.</i> Nau Llibres.▪ SÁEZ CARRERAS, J. e PALAZÓN ROMERO, F. (Coord.) (1994): <i>La educación de adultos: ¿una nueva profesión?</i> Nau Llibres.▪ MÍNGUEZ ÁLVAREZ, C. (1999): <i>La educación social a través de la literatura. Familia, escuela e infancia en la literatura española de finales del siglo XIX.</i> Nau Llibres.▪ QUINTANA CABANAS, J. M. (1999): <i>Textos clásicos de pedagogía social.</i> Nau Llibres.▪ FERMOSE ESTÉBANEZ, P. (2003): <i>Historia de la pedagogía social española.</i> Nau Llibres.▪ AYUSO VIVANCOS, A. (2003): <i>Visión crítica de la reeducación penitenciaria en España.</i> Nau Llibres.▪ FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ, A. M. (2003): <i>La intervención socioeducativa como proceso de investigación.</i> Nau Llibres.▪ FLORES BIENERT, M. D. (2003): <i>La promoción de la salud: una perspectiva pedagógica.</i> Nau Llibres.▪ AA. VV.: Revista "Perfiles. Revista general de política social." ONCE. (Nº 199, xuño 2004).▪ AA. VV.: Revista "Batente". Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. (Nº 3, xuño 2004)▪ AA. VV.: Revista "Cadernos de psicología". Colexio de Psicólogos de Galicia. (segunda era, ano 0, nº 00) |
|---|---|

ARTIGO DE INTERESE

Foro de Drogodependencias

O Concello de Pontevedra, con vistas á elaboración do Plan Municipal sobre Drogas do próximo exercicio, pretende iniciar, dende a área de Benestar Social, unha liña de traballo participativo aberta ás entidades do concello que queiran participar para darlle forma a este novo Plan.

Con este obxectivo, máis de trinta entidades non lucrativas de tipo veciñal, social, cultural, sindical, xuvenil, deportivo e asistencial, reuníronse cos responsables da dita área para coñecer o Plan e por en marcha un foro sobre drogodependencias.

Na primeira xuntanza propúxose un sistema de coordinación baseado na constitución de varios grupos de traballo sobre catro ámbitos específicos: Lecer saudable; Educación participativa; Normativa e lexislación, e Asistencia e inserción. Cada un destes ámbitos xerará unha posta en común e finalmente elaborárase un informe coas conclusións e propostas dos catro grupos, que formarán parte da programación do seguinte exercicio do Plan Municipal sobre Drogas.

Nesta reunión inicial de traballo conxunto participaron entidades de moi diversa índole, tanto centradas na problemática das drogodependencias (como Proxecto Home ou Asociación Rexurdir Provincial) como doutros ámbitos (asociacións de mulleres, de nais e pais de alumnos, de veciños, de amas de casa, sindicatos, asociacións xuvenís, etc.)

